

CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

A CORUÑA

CONVOCATORIA DE ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DOS PAIS/NAIS AO CONSELLO ESCOLAR

De acordo coa Resolución do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa (D.O.G. do 18 de setembro de 2024), pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións dos membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos, a Xunta Electoral deste centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a **convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, sector de pais/nais do alumnado**.

As normas reguladoras do procedemento son as establecidas no Decreto 92/1988, do 28 de abril, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario (DOG, 20/4/88):

Artigo 38 (Redactado conforme ao establecido no Decreto 324/1996, do 26 de xullo; DOG do 9 de agosto): " A representación dos pais no Consello Escolar correspóndelles a estes ou os representantes legais dos alumnos independentemente do número de fillos escolarizado no centro. O dereito a elixir e ser elixido correspóndelle ó pai e a nai, ou, se é o caso, ós titores legais."

Artigo 39: A elección producirase entre os candidatos admitidos e proclamados como tales pola xunta electoral. Para este efecto constituirase unha mesa electoral integrada polo director do centro, que actuará como presidente, e catro pais ou titores legais designados por sorteo público entre os que non se presenten como candidatos, actuando como secretario o de menor idade. A Xunta deberá preve-lo nomeamento de suplentes, designados tamén por sorteo.

Artigo 40: Poderán actuar como supervisores da votación os pais ou titores legais dos alumnos matriculados no centro, propostos por cada una das asociacións de pais de alumnos existentes no mesmo ou avalados para iso pola sinatura de 10 electores.

Artigo 41: O censo electoral deberá expoñerse no taboleiro de anuncios do centro con 10 días, alomenos, de anticipación á data fixada para o acto electoral, para a comprobación e posible reclamación por parte de pais e titores legais dos alumnos.

Artigo 42 (Redactado conforme ao establecido no Decreto 324/1996, do 26 de xullo; DOG do 9 de agosto): " O voto será directo, secreto e non delegable. Cada elector, que deberá acreditara súa personalidade mediante a presentación do documento nacional de identidade, ou calquera outro documento acreditativo, fará constar na súa papeleta un, dous ou tres nomes da lista de candidatos, segundo corresponda elixir menos de tres, tres ou máis de tres, respectivamente."

Tendo en conta os artigos referidos:

- 1.- Son electores tódolos pais/nais ou titores legais do alumnado matriculado no centro e incluído no censo correspondente que desde onte está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido censo realizaránse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata o día 7 de novembro de 2024.
- 2.- Son elexibles os pais e nais ou titores legais que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na secretaría do conservatorio. As candidaturas poderán ser presentadas ata o día 7 de novembro de 2024.
- 3.- O sorteo dos membros da mesa electoral, realizaráse en acto público, entre os pais/nais que non se presenten como candidatos/as, o día 8 de novembro ás 17:00 horas. Dita mesa electoral estará composta pola directora do Centro, que actuará como presidenta, e catro pais/nais ou titores legais, actuando de secretario/a o/a de menor idade.
- 4.- A campaña electoral comprenderá dende o 11 ao 18 de novembro, ámbolos dous días inclusive. As dependencias e servicios do centro estarán a disposición dos/as candidatos/as, previa petición á presidenta da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do conservatorio. O día 19 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.
- 5.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais/nais ou titores legais do alumnado matriculado no centro que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores.
- 6.- As votacións realizaránse neste conservatorio o día 20 de novembro de 2024 de 17:00 a 20:00 horas. A mesa electoral será constituída o mesmo día en acto público ás 17:00 horas.
- 7.- Na papeleta de votación, cada elector fará constar un máximo dun nome das candidaturas presentadas, debendo acreditar a súa personalidade á hora de votar mediante exhibición do DNI ou documento similar.
- 8.- O voto será directo, secreto e non delegable. Non se admitirá o voto por correo.
- 9.- Finalizada a votación, procederáse ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarásese acta para o seu envío á Xunta Electoral do centro.
- 10.- A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

A Coruña, 29 de outubro de 2024

